

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

ORDE do 18 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva, e se convocan na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios de 2021 e 2022 (códigos de procedemento TR807K e TR807L).

O artigo 6.7 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, establece que ao financiamento das accións formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva e o diálogo social se destinará a contía que anualmente estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado. Doutra banda, o último parágrafo do artigo 6.8 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, establece que regulamentariamente se establecerán os mecanismos de xustificación e pagamento das contías a que se refire o artigo 6.7 da Lei.

O Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a citada Lei 30/2015, do 9 de setembro, na súa redacción orixinal sinalaba na disposición adicional cuarta, parágrafo primeiro, que a execución destes fondos correspondería ao Servizo Público de Emprego Estatal en colaboración coa Fundación Estatal para a Formación no Emprego. Esta disposición adicional, entre outras, foi anulada polo Tribunal Constitucional na Sentenza 71/2018, do 21 de xuño de 2018, por entender que altera de forma inxustificada a regra xeral de atribución da competencia executiva ás comunidades autónomas en materia laboral. Por iso é polo que actualmente hai que entender que, con cargo aos fondos mencionados no artigo 6.7 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, se financiarán tanto as convocatorias de ámbito estatal que xestione o Servizo Público de Emprego Estatal como as que efectúen as comunidades autónomas no seu respectivo ámbito territorial.

O Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social aprobou a Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións polo Servizo Público de Emprego Estatal, para o financiamento de plans de formación de ámbito estatal dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva. Esta norma, aínda que regula de forma detallada os plans de ámbito estatal, permite a concesión destas axudas de forma harmónica polas distintas administracións públicas, no marco da Lei 38/2003, do 17 de



novembro, xeral de subvencións, e con base na habilitación financeira conferida polo artigo 6.7 da Lei 30/2015, do 9 de setembro.

A disposición adicional primeira da Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo, establece que corresponde ás comunidades autónomas a xestión destas subvencións no seu respectivo ámbito territorial, para o que poderán aprobar normativa propia, en función dos seus requirimentos de xestión, as especialidades derivadas da súa organización administrativa e a normativa de aplicación no seu ámbito de xestión. Neste sentido, financiaranse con cargo aos fondos procedentes dos orzamentos xerais do Estado para formación profesional para o emprego que sexan distribuídos polo Servizo Público de Emprego Estatal plans de formación de ámbito autonómico compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o diálogo social e a negociación colectiva, promovidos polas organizacións sindicais ou asociacións empresariais representativas no dito ámbito autonómico.

O Decreto 215/2020, do 3 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, mantendo as competencias en políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, orientación e promoción laboral.

No exercicio destas funcións á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade correspóndelle a dirección e coordinación das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, así como a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial, igualdade laboral e de medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral nas empresas, así como a modulación das relacións laborais cos axentes económicos e sociais.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto, actividades subvencionables, entidades beneficiarias e importe

Artigo 1. *Obxecto da subvención*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a propia convocatoria de axudas que concederá a Consellería de Emprego e Igualdade ás organizacións sindicais



e asociacións empresariais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva, de acordo coa Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo (códigos de procedemento TR807K e TR807L).

2. Esta convocatoria ten ámbito na Comunidade Autónoma de Galicia, e correspóndelle a súa programación, xestión e control á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade.

Artigo 2. *Liñas e actividades subvencionables*

1. Ao abeiro destas bases reguladoras poderanse conceder subvencións para a realización dos seguintes plans de formación:

a) Liña 1. Plans de formación, compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a negociación colectiva promovidos polas organizacións sindicais ou empresariais previstas no artigo 5.1.a) desta orde. As actividades formativas poderán ser:

– Cursos de formación cuxo contido estea relacionado co diálogo social e a negociación colectiva.

– Xornadas, seminarios e ciclos de conferencias cuxo contido verse sobre as funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva.

– Encontros internacionais que contén con expertos doutras nacionalidades para ter un intercambio de información sobre o diálogo social e a negociación colectiva en distintos países.

– Paneis, foros e obradoiros de expertos que compartan información sobre boas prácticas en diálogo social e negociación colectiva dos distintos sectores.

b) Liña 2. Plans de formación, compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva, promovidos polas organizacións sindicais ou empresariais previstas no artigo 5.1.b) desta orde. As actividades formativas poderán ser:

– Cursos de formación cuxo contido estea relacionado coa negociación colectiva.



– Xornadas, seminarios, ciclos de conferencias, cuxo contido verse sobre as funcións relacionadas coa negociación colectiva.

– Encontros nacionais ou internacionais que contén con expertos doutras comunidades autónomas ou nacionalidades para ter un intercambio de información sobre a negociación colectiva en distintos ámbitos territoriais.

– Paneis, foros e obradoiros de expertos que compartan información sobre boas prácticas en negociación colectiva dos distintos sectores.

2. As áreas de formación prioritarias establecidas nesta convocatoria son as que se relacionan a continuación:

a) Plans de igualdade.

b) Medidas que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.

c) Os salarios, fenda salarial e categorías profesionais.

d) Conciliación da vida laboral e familiar (permisos, licenzas, adaptación de xornada e horario laboral, teletraballo, etc.).

e) Linguaxe non sexista.

f) Protocolos de actuación fronte ao acoso.

g) Formación continua e para o acceso ao emprego.

h) Calidade no emprego.

i) A gobernanza da dixitalización e robotización.

j) A protección de datos das persoas traballadoras.

k) Distribución e control da xornada.

l) Responsabilidade social empresarial (RSE).

3. Os plans de formación deben conter necesariamente, como mínimo, unha actividade formativa consistente nun curso de formación.



4. A duración das actividades formativas subvencionables deberá ser a seguinte:

- Cursos de formación dunha duración igual ou superior a 8 horas.
- Xornadas, seminarios e ciclos de conferencias dunha duración de ata 48 horas.
- Encontros internacionais dunha duración de ata 48 horas.
- Paneis, foros e obradoiros de expertos dunha duración de ata 48 horas.

5. Modalidade das actividades formativas subvencionables:

Os cursos de formación poderán ser presenciais ou en teleformación. O resto de actividades deberán ser presenciais.

6. Número de participantes das actividades formativas subvencionables:

- Os cursos de formación e os obradoiros de expertos formaranse en grupos de 30 participantes como máximo.
- As xornadas, seminarios, ciclos de conferencias, encontros internacionais, paneis e foros formaranse en grupos de 100 participantes como máximo.

Cando os cursos de formación se desenvolvan mediante teleformación deberá haber un titor; esta modalidade de impartición deberá realizarse a través dunha plataforma virtual de aprendizaxe que posibilita a interactividade do alumnado, titores e recursos situados en distinto lugar e que asegure a xestión dos contidos, un proceso de aprendizaxe sistematizada para os participantes, o seu seguimento continuo e en tempo real, así como a avaliación de todo o proceso. A impartición deberá contar cunha metodoloxía apropiada para esta modalidade, complementada con asistencia titorial, e deberá cumprir os requisitos de accesibilidade e deseño universal.

Artigo 3. *Finalidade das actividades formativas subvencionadas e destinatarios finais*

1. As actividades formativas financiadas ao abeiro desta convocatoria teñen como finalidade o desenvolvemento de plans de formación que inclúan actividades formativas dirixidas á capacitación de persoas vinculadas con organizacións sindicais e asociacións empresariais de ámbito autonómico para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social autonómico e a negociación colectiva.



2. As actividades formativas financiadas ao abeiro desta convocatoria deberán estar destinadas á mellora e eficacia da formación das persoas vinculadas con organizacións sindicais e asociacións empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social autonómico e a negociación colectiva e non poderán dirixirse especificamente ao ámbito da Administración pública.

3. Poderán ser persoas destinatarias finais e participantes nos plans de formación as persoas vinculadas coas organizacións sindicais e asociacións empresariais de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que, en razón da súa actividade, estean relacionadas cos procesos de negociación colectiva e/ou diálogo social, ben a través da súa participación directa, ben a través da súa dirección, apoio ou asistencia técnica sindical ou empresarial.

Artigo 4. *Réxime de concesión e incompatibilidades*

1. As subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

2. As entidades beneficiarias deberán comunicar á Administración a percepción concorrente doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, xa que en caso de percibirse darán lugar á minoración da cantidade percibida no suposto de que a suma total das axudas supere o custo da acción subvencionada.

Artigo 5. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias das subvencións que se regulan nesta convocatoria:

a) En relación coas subvencións destinadas ao financiamento de actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (líña 1):

1º. As organizacións sindicais que participan no dito ámbito, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, así como as fundacións ou outras entidades constituídas por aquelas para a consecución de calquera deses fins.



2º. As organizacións empresariais que participan no dito ámbito, nos termos establecidos na disposición adicional sexta do texto refundido do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as fundacións ou outras entidades constituídas por aquelas para a consecución de calquera deses fins.

b) En relación coas subvencións destinadas ao financiamento de actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (liña 2):

As organizacións sindicais e empresariais que participan no dito ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as fundacións ou outras entidades constituídas por aquelas para a consecución daqueles fins.

2. Para os efectos destas subvencións, considéranse de ámbito autonómico as organizacións sindicais e asociacións empresariais que estean lexitimadas para a negociación colectiva sectorial nun ámbito xeográfico e funcional específico que non exceda os límites da Comunidade de Galicia, de acordo co establecido nos números 2 e 3 do artigo 87 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

3. No caso de que a entidade solicitante sexa unha fundación ou outra entidade vinculada cunha organización sindical ou empresarial, substituirá a esta última para todos os efectos previstos nesta orde.

4. Nos supostos recollidos no número 1, non poderán ser beneficiarias as organizacións que estean integradas nunha entidade de ámbito federal ou confederal, cando a federación ou a confederación de que formen parte sexa tamén beneficiaria destas subvencións.

5. Cando a entidade beneficiaria sexa unha asociación empresarial, os seus membros asociados que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta daquela terán igualmente a consideración de beneficiarios.

6. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións as entidades e organizacións nas cales concurra algunha das circunstancias a que se refire o artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



7. Non poderán ter a condición de entidades beneficiarias as administracións públicas, as sociedades públicas ou as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Artigo 6. *Financiamento*

1. Esta subvención financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.03.324A.481.2 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, cun crédito por importe de 554.964 €, co código de proxecto 2020 0013, distribuído en dúas anualidades do seguinte xeito:

Ano 2021: 138.741 €.

Ano 2022: 416.223 €.

2. O financiamento correspondente á presente convocatoria desagregase por cada unha das liñas descritas no artigo 2 desta orde do seguinte xeito:

a) 70 por cento para as subvencións destinadas ao financiamento dos plans de formación da liña 1: 388.474,8 euros, distribuídos en dúas anualidades: ano 2021 (97.118,7 €) e ano 2022 (291.356,1 €).

b) 30 por cento para as subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación da liña 2: 166.489,2 euros, distribuídos en dúas anualidades: ano 2021 (41.622,3 €) e ano 2022 (124.866,9 €).

Artigo 7. *Orzamento máximo subvencionable*

1. As subvencións previstas nesta orde destinaranse a cubrir os gastos susceptibles de financiamento, sempre que estean directamente relacionados coa realización das actuacións obxecto dela. En ningún caso a cantidade para percibir poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

2. No caso de que o financiamento correspondente a algún dos tipos de plans de formación sinalados no artigo 6.2 desta orde non se aplicase na súa totalidade, a contía non aplicada poderase destinar a incrementar a correspondente ao outro tipo de plans de formación.

3. A subvención solicitada para ter en conta en cada solicitude axustarase ao orzamento asignado a cada liña reflectido no artigo anterior.



Ademais, dentro de cada unha das liñas, destinarase o 50 por cento dos fondos dispoñibles ao financiamento de plans presentados polas organizacións empresariais e o 50 por cento restante, aos presentados por organizacións sindicais.

No caso de non esgotarse os fondos dispoñibles para unha das partes, o remanente aplicarase á outra parte.

4. A contía máxima de subvención que se pode conceder por cada actividade formativa realizada determinarase mediante o produto do seu número de horas polo número de alumnos ou participantes e polo importe do módulo correspondente.

Os módulos económicos máximos (custo por hora por participante) serán os que a continuación se establecen en función da actividade que se vai desenvolver:

- a) Cursos de formación en modalidade presencial: 15,60 €.
- b) Cursos de formación en modalidade de teleformación: 9 €.
- c) Xornadas, seminarios, ciclos de conferencias e encontros internacionais: 28 €.
- d) Paneis, foros e obradoiros de expertos: 20 €.

5. No caso da liña 1, unha entidade solicitante non poderá solicitar, nin se lle poderá conceder, un importe superior a 194.237,40 euros, no caso de asociacións empresariais, e 64.745,8 euros, no caso de organizacións sindicais.

No caso da liña 2, unha entidade solicitante non poderá solicitar, nin se lle poderá conceder, un importe superior a 15.000 euros.

Artigo 8. *Ampliación do crédito dispoñible*

Poderán ditarse resolucións complementarias cando existan fondos que proveñen de renuncias de subvencións, inicialmente concedidas, ou doutros remanentes. Neste caso non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das presentadas inicialmente.



CAPÍTULO II

Gastos subvencionables

Artigo 9. *Gastos subvencionables e período de imputación*

1. As actividades formativas incluídas nos plans de formación e os gastos que se deriven delas poderán executarse durante un ano desde a data de notificación ás entidades beneficiarias da resolución de concesión da subvención.

2. Considerarase gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

3. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable estean relacionados coa actividade obxecto da subvención, resulten estritamente necesarios para a súa execución e fosen contraídos durante o período de execución establecido para a realización da actividade obxecto da axuda. En ningún caso o custo de adquisición dos bens ou servizos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4. Con carácter xeral, serán susceptibles de financiamento os seguintes gastos:

a) Custos directos da actividade formativa:

1º. As retribucións das persoas formadoras internas e externas; poderanse incluír salarios, seguros sociais, axudas de custo e gastos de locomoción, no suposto de contratación laboral, e gastos de contratación, no suposto de contrato de servizos e, en xeral, todos os custos imputables as persoas formadoras no exercicio das actividades de preparación, impartición, titoría e avaliación aos participantes das actividades formativas. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por horas dedicadas á actividade que se impute.

2º. Os gastos de amortización de equipos didácticos e plataformas tecnolóxicas, calculados con criterios de amortización aceptados nas normas de contabilidade, así como o alugamento ou arrendamento financeiro destes, excluídos os seus xuros, soportados na execución das actividades formativas.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por actividade formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas.



3º. Gastos de medios didácticos e/ou adquisición de materiais didácticos, así como os gastos en bens consumibles utilizados na realización das actividades formativas, incluíndo o material de protección e seguridade. Así mesmo, no caso da teleformación, os custos imputables aos medios de comunicación utilizados entre formadores e participantes. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por actividade formativa e imputaranse polo número de participantes no caso de uso individual dos equipos ou plataformas.

4º. Os gastos de alugamento, arrendamento financeiro, excluídos os seus xuros, ou amortización das aulas, obradoiros e demais superficies utilizadas no desenvolvemento da formación.

Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por actividade formativa e impútanse polo período de duración da actividade. Os gastos de amortización calcularanse segundo normas de contabilidade xeralmente aceptadas, e será aplicable o método de amortización segundo as táboas aprobadas polo Regulamento do imposto de sociedades.

5º. Gastos de seguro de accidentes e responsabilidade civil dos participantes. Estes gastos deberán presentarse desagregados por actividade formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

6º. Gastos de transporte, manutención e aloxamento para os participantes nas actividades formativas, cos límites fixados na Orde EHA/3771/2005, do 2 de decembro, pola que se revisa a contía dos gastos de locomoción e das axudas de custo no imposto sobre a renda das persoas físicas. Estes gastos deberán presentarse debidamente desagregados por actividade formativa e a súa imputación farase polo número de participantes.

7º. Os custos de avaliación e control da calidade da formación.

8º. Gastos de publicidade e difusión das actividades formativas.

b) Custos indirectos da actividade formativa:

1º. Os custos de persoal de apoio tanto interno como externo e todos os necesarios para a xestión e execución da actividade formativa.

2º. Os gastos financeiros directamente relacionados coa actividade subvencionada e que resulten indispensables para a adecuada preparación ou execución desta. Non serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.



3º. Outros custos: luz, auga, calefacción, mensaxaría, correo, limpeza e vixilancia, asociados á execución da actividade formativa.

De conformidade co artigo 31, número 9, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, estes custos deberán ser imputados polo beneficiario á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidos e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

A suma dos custos indirectos non poderá superar o 10 por cento do custo total da actividade formativa realizada e xustificada.

5. En todo caso, os custos subvencionables deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente.

6. Os gastos subvencionables rexeranse, en todo caso, polo disposto no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 10. *Subcontratación*

1. A entidade beneficiaria poderá subcontratar parcial ou totalmente, por unha soa vez e nos termos establecidos no artigo 13 da Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo, a realización da actividade formativa, fóra do previsto no número 3 do presente artigo.

A contratación de persoal docente para a impartición da formación subvencionada por parte da entidade beneficiaria non se considerará subcontratación. Por contratación de persoal docente considérase, exclusivamente, a contratación de persoas físicas.

Tampouco se considerará subcontratación a contratación daqueles outros gastos en que teña que incurrir a entidade beneficiaria para a realización por si mesma do plan de formación subvencionado.

2. En ningún caso poderán subcontratarse actividades formativas que, aumentando o custo da actividade obxecto da axuda, non acheguen valor engadido ao seu contido.

3. Non se poderán subcontratar con terceiros as funcións de planificación e coordinación do plan de formación, que terá que ser executado pola entidade beneficiaria con medios propios, de que deberá dispor.



A entidade beneficiaria asumirá, en todo caso, a responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte ao Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais, e deberá asegurar, tanto aquel como a entidade subcontratista, o desenvolvemento satisfactorio das funcións dos organismos de seguimento e control.

4. No caso de que a entidade beneficiaria concerte con terceiros a realización da actividade formativa, deberá terse en conta o seguinte:

a) Se o importe da subcontratación efectuada por unha entidade beneficiaria supera os limiares cuantitativos establecidos no artigo 29.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, é dicir, cando a actividade concertada exceda o 20 por cento do importe da subvención concedida correspondente a tal entidade e o dito importe sexa superior a 60.000 euros, a dita entidade beneficiaria deberá solicitar autorización previa do órgano concedente. Para ese efecto, remitirase o contrato que se prevé formalizar entre a entidade beneficiaria e a/as entidade/s subcontratista/s.

b) En caso de subcontratación por calquera entidade beneficiaria cunha entidade vinculada a el, ademais do cumprimento dos requisitos anteriores, o artigo 29.7.d) da citada Lei 38/2003 exige que se obteña a autorización previa expresa do órgano concedente e que o importe subvencionable non exceda o custo en que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

5. As autorizacións previas a que se alude no punto anterior serán aprobadas mediante resolución do órgano concedente emitida no prazo de 20 días desde a solicitude da autorización presentada por quen ten a consideración de entidade beneficiaria. Entenderase outorgada a autorización cando transcorra o citado prazo sen pronunciamento do órgano concedente. Para estes efectos, as entidades subcontratantes deberán achegar os modelos de contrato que se vaian formalizar para a súa autorización previa.

6. Na elección dos provedores será de aplicación o establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7. As entidades beneficiarias serán responsables de que na execución da actividade subcontratada a terceiros se respecten os límites establecidos na Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo e, de ser o caso, nesta orde.



8. En ningún caso poderá ser subcontratada polo beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con aquelas persoas ou entidades que estean nas circunstancias previstas no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 68.2 do seu regulamento.

CAPITULO III Procedemento

Artigo 11. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. Cada solicitude presentada deberá conter un único plan de formación.

2. Unha entidade solicitante poderá presentar como máximo, no conxunto da convocatoria, un plan por cada liña. No caso de que presentase máis dunha solicitude por liña, só será tida en conta aquela que se presentase en primeiro lugar.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), conforme os anexos I e II.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para presentar as solicitudes poderá utilizarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que



órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

6. Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

7. Todos os requisitos exixidos ás entidades solicitantes entenderanse cumpridos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 12. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Para este efecto, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación no DOG.

3. Se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

4. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 13. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representación legal suficiente para actuar en nome da entidade solicitante.

b) Documentación acreditativa da representatividade da organización solicitante no correspondente ámbito territorial, sectorial e intersectorial, segundo corresponda.

c) No caso de organizacións empresariais ou fundacións ou outras entidades constituídas por estas, certificado en que conste o número de empresas con que conta.



d) Orzamento total solicitado por actividades formativas (anexo III).

e) Plan de formación (anexo IV), que conterá a seguinte información:

1º. Formulación xeral da proposta.

2º. Actividades formativas solicitadas, xustificación da súa conveniencia e adecuación da proposta.

3º. Deseño e contidos do plan de formación.

4º. Obxectivos das actividades formativas.

5º. Resultados esperados do plan de formación.

6º. Metodoloxía de desenvolvemento do plan de formación.

7º. Por cada actividade formativa deberá detallarse o número de participantes, o número de horas de formación, a modalidade de impartición, número de sesións ou edicións que se van impartir por cada unha e o custo da actividade.

8º. Planificación temporal, tendo en conta que durante a primeira anualidade debe executarse como mínimo o 25 % do plan de formación.

9º. Outras actuacións que, sen custo adicional, as entidades realicen no desenvolvemento das actividades formativas.

f) En relación co plan de formación solicitado, estudo das necesidades formativas detectadas na materia obxecto da subvención e identificación do colectivo destinatario.

g) En relación co plan de formación solicitado, plan de seguimento e avaliación das actuacións formativas realizadas.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa presentase anteriormente a persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrón-



nicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. De conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, terán tamén a condición de entidades beneficiarias os membros asociados da entidade beneficiaria que se comprometan a executar a totalidade ou parte da actividade que fundamenta a concesión da subvención en nome e por conta desta. Neste caso, xunto coa solicitude deberán achegar adicionalmente:

a) Nomeamento dunha persoa representante ou apoderada única da asociación ou agrupación, con poderes suficientes para cumprir coas obrigas das entidades beneficiarias.

b) Copia do instrumento de formalización da asociación ou agrupación.

c) Certificado expedido por quen posúa estas facultades na organización, de acordo cos seus estatutos, no cal se acredite a condición de membro asociado integrante da asociación.

d) Copia do compromiso de execución formalizado polas entidades asociadas ou agrupadas, subscrito pola representación legal destas, no cal se concrete qué partes do proxecto realizará cada entidade.



e) Compromiso de responsabilidade solidaria dos seus membros e de non disolución mentres non transcorran os prazos de prescrición legalmente previstos.

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa en nome e representación da entidade que solicita a subvención.

b) NIF da entidade solicitante.

c) Certificados de estar ao día no pagamento coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario que corresponda e achegar os documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable e, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Artigo 15. *Tramitación de solicitudes*

1. A instrución do procedemento corresponderalle ao Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Subdirección Xeral de Relacións Laborais da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. O procedemento que se seguirá na instrución dos expedientes será o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes:



a) Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou a documentación presentada contivese erros ou fose insuficiente, o órgano instrutor, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirirá a entidade interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos requiridos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistida da súa petición, despois de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

b) O órgano instrutor poderá solicitar a outros organismos os informes técnicos que considere necesarios para a adecuada valoración dos plans.

Artigo 16. *Avaliación e Comisión de Avaliación*

1. Unha vez instruídos os expedientes pasarán, para o seu exame, á Comisión de Avaliación, que informará o órgano instrutor, quen elevará a proposta á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, será quen resolva e poña fin á vía administrativa.

2. A Comisión de Avaliación estará formada pola persoa titular da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, quen a presidirá; a persoa titular do Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral; unha persoa que ocupe o posto de xefatura de sección do Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral, que actuarán como vogais; e unha persoa funcionaria designada pola Presidencia da Comisión, quen exercerá as funcións de secretaría.

Na composición da Comisión de Avaliación procurarase acadar unha presenza equilibrada entre mulleres e homes.

3. A dita comisión poderá adoptar validamente os seus acordos sempre que asistan a ela a persoa que exerza a presidencia, ou persoa en quen delegue, un ou unha vogal e o secretario ou secretaria. Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Avaliación teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñan non puidese asistir, será substituída por un funcionario ou funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

4. A Comisión de Avaliación, de maneira motivada, poderá requirir das entidades solicitantes información ou documentación adicional que, non estando en poder da Administra-



ción, teña fundamental relevancia e unha relación directa para unha mellor avaliación das solicitudes.

5. A Comisión de Avaliación, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, realizará un informe en que se concretará o resultado da avaliación efectuada con base nos criterios de valoración que se establecen nesta orde, proporá as cantidades asignadas a cada entidade beneficiaria e relacionando, así mesmo, avaliación das solicitudes para as cales se propón a súa denegación ou inadmisión, con indicación da causa.

6. A Presidencia da Comisión, tendo en conta o informe da Comisión de Valoración, elevará a proposta de resolución ante o órgano competente para resolver.

7. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta definitiva de resolución debidamente motivada, que será notificada ao interesado para que proceda á súa aceptación no prazo de 10 días.

Artigo 17. *Criterios de valoración das solicitudes*

1. A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios:

a) Representatividade das organizacións solicitantes no correspondente ámbito, cunha puntuación máxima de 70 puntos.

Esta puntuación distribuirase en función da porcentaxe de representatividade con que conte cada organización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coa seguinte ponderación:

1º. Para as organizacións sindicais: a representatividade sindical en 31 de decembro de 2020, referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia, concluído o proceso de eleccións sindicais previsto no título II do actual texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e en virtude do sistema de medición da representatividade das organizacións sindicais para os efectos das axudas previstas nesta orde.

A máxima puntuación de 70 puntos outorgarase a quen posúa a maior participación e 0 puntos para quen non posúa ningunha participación; aos demais solicitantes asignaráselles a puntuación proporcionalmente.

2º. Para as asociacións empresariais: a representatividade das asociacións empresariais acreditarase mediante certificado emitido pola persoa representante legal, onde se



indique o número de empresas con que contan con respecto á totalidade de empresas das entidades concorrentes.

A máxima puntuación de 70 puntos outorgarase a quen posúa a maior representatividade e 0 puntos a quen non posúa ningunha representatividade, aos demais solicitantes asignaráselles a puntuación proporcionalmente.

b) Formulación xeral, deseño e contido do plan de formación, cunha puntuación máxima de 30 puntos, que se distribuirán do seguinte modo:

1º. Coherencia cos obxectivos e resultados esperados: cunha puntuación máxima de 10 puntos, que se distribuirán atendendo aos seguintes parámetros:

– Deseño do plan de formación, capacidade de resposta do plan ás necesidades de formación identificadas para o colectivo destinatario. Máximo 5 puntos.

Valorarase que a entidade achegue un estudo das necesidades formativas detectadas na materia obxecto de subvención e identifique o colectivo destinatario. Se achega o resultado dese estudo: 5 puntos.

– Alcance do plan e capacidade técnica da entidade solicitante, tendo en conta o número de actividades formativas previstas e número de participantes previstos. Máximo 5 puntos.

• A entidade solicitante ten previsto realizar 5 actividades formativas que alcanzan ata 100 participantes: 2 puntos.

• A entidade solicitante ten previsto realizar máis de 5 actividades formativas que alcanzan máis de 100 participantes: 5 puntos.

2º. Metodoloxía de desenvolvemento. Cunha puntuación máxima de 10 puntos. Valorase:

– Modalidade de impartición: valorarase as actividades formativas desenvolvidas en modalidade presencial cando supoñan polo menos o 60 por cento das actividades do plan de formación. Cunha puntuación de 5 puntos.

– Seguimento e avaliación: valorarase con 5 puntos que a entidade solicitante achegue un plan de seguimento e avaliación das actuacións formativas que se van realizar.



3º. Incorporación no plan formativo de actividades formativas correspondentes ás áreas de formación que se consideran prioritarias no artigo 2 da presente orde: cunha puntuación máxima de 10 puntos.

Ata 10 puntos cando se inclúa polo menos o 80 por cento das áreas e 0 puntos cando non se inclúa ningunha; o resto de puntos asignarase en proporción ás áreas incluídas no plan.

2. Non se financiarán plans de formación que obteñan menos de 20 puntos na valoración técnica da solicitude.

3. No caso de empate na puntuación obtida, determinarase como criterio de desempate a puntuación establecida en cada un dos criterios de valoración segundo a orde de prelación establecida no artigo 17.1 desta orde. No caso de persistir o empate, terase en conta a data e a hora exactas de presentación da solicitude.

Artigo 18. *Resolución e recursos*

1. A resolución dos expedientes, logo de informe da Comisión de Avaliación e da proposta da persoa titular da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e a fiscalización da Intervención Delegada da Consellería de Emprego e Igualdade, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade, e será notificada ás entidades interesadas no prazo de 10 días desde que se dite. Unha vez notificadas as resolucións, as entidades interesadas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada, segundo o artigo 21.5 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co sinalado no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta que se trata dun procedemento baixo o réxime de concorrencia competitiva, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os 5 meses contados desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido ese prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase rexeitada a solicitude.

3. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interperse, potestativamente, recurso de reposición ante a Dirección Xeral de Relacións Laborais, no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Emprego e Igualdade publicará na súa páxina web e no DOG a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web.

Artigo 19. *Práctica das notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia, Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 20. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 21. Pagamento da subvención

1. Primeiro anticipo: a entidade beneficiaria poderá solicitar un anticipo máximo do 25 % do importe total da subvención, sempre que a dita cantidade non supere o importe correspondente á anualidade do ano 2021, mediante transferencia bancaria á conta corrente comunicada pola entidade beneficiaria e da que esta sexa titular de acordo co establecido no artigo 6.8 da Lei 30/2015, do 9 de setembro.

2. Segundo anticipo: xunto coa presentación da xustificación dos gastos realizados ata o 31 de decembro do ano anterior, a entidade beneficiaria poderá solicitar, non máis tarde do 31 de marzo de 2022, un segundo anticipo con cargo á segunda anualidade dun 75 % do importe total da subvención. Do importe correspondente reducirase o importe aboado no primeiro anticipo que non fose xustificado.

3. Os anticipos que deba realizar a Administración segundo os puntos anteriores faranse efectivos no prazo máximo de tres meses, contados desde a presentación pola entidade beneficiaria da documentación requirida para solicitar os respectivos anticipos. En todo caso, os pagamentos efectuaranse logo de comprobación de que a entidade beneficiaria está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

4. Canto ás entidades beneficiarias, ao seren entidades sen ánimo de lucro, non será necesaria a prestación de garantías dos anticipos.

5. O pagamento da subvención concedida que non fose anticipada realizarase logo de xustificación pola entidade beneficiaria da realización do plan formativo e dos gastos xerados pola dita actividade e a liquidación da subvención, logo de comprobación técnico-económica por parte do órgano concedente.



Artigo 22. Prazo para a execución e xustificación dos plans de formación

Os plans de formación que se financien ao abeiro desta convocatoria poderanse executar durante un ano desde a data de notificación ás entidades beneficiarias da resolución de concesión da subvención, agás que na resolución de concesión se estableza unha data posterior.

No relativo á presentación da documentación xustificativa, será ata tres meses despois da finalización do período de execución, agás que na resolución de concesión se estableza unha data posterior.

Artigo 23. Xustificación das subvencións

1. As entidades beneficiarias quedarán obrigadas a xustificar a realización da actividade formativa subvencionada, o destino dos fondos recibidos e o cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, segundo o anexo V da convocatoria. Os custos subvencionables deben responder a custos reais, efectivamente realizados, pagados e xustificados mediante facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente e que se realizaron durante o período de execución da actuación.

Respecto ao primeiro anticipo e non máis tarde do 31 de marzo de 2022, a entidade beneficiaria presentará a xustificación comprensiva dos gastos realizados e efectivamente pagados ata o 31 de decembro de 2021.

Non será exixible a realización do pagamento a 31 de decembro para os ingresos á conta do IRPF e as cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade a esa data.

O anticipo aboado deberá ser xustificado con gastos realizados no primeiro exercicio de execución do programa. Se o importe xustificado for inferior ao anticipo percibido, esa diferenza restarase do importe que se vai aboar con cargo á segunda anualidade.

2. A entidade beneficiaria xustificará o cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na resolución de concesión da subvención, mediante a presentación dunha conta xustificativa ante a Subdirección Xeral de Relacións Laborais.

A conta xustificativa do segundo anticipo deberá remitirse no prazo máximo de dous meses a partir da finalización do correspondente programa. Transcorrido o dito prazo sen que se efectúe a presentación da indicada documentación, aplicarase o previsto para es-



tes casos no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

3. A dita conta xustificativa presentarase con achega de xustificantes de gasto de acordo co previsto nos artigos 72 e 73 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e non terá que ir acompañada de informe de auditoría.

4. A entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria estará integrada pola certificación de finalización do plan de formación, a certificación da execución de cada actividade formativa e as actuacións de avaliación desenvolvidas.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades formativas, que conterá:

1º. Relación clasificada dos gastos subvencionables en que se incorreu con motivo da realización da formación.

2º. Documentación xustificativa que acredite os custos relativos ás actividades formativas subvencionadas.

A este respecto, os custos xustificaranse con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa respecto dos gastos incluídos no punto anterior, así como coa documentación acreditativa do pagamento.

As facturas deberán emitirse especificando o detalle dos servizos ou conceptos a que se refiren. No caso dos xustificantes relativos a custos directos, deberá constar neles o número de expediente a que se imputan os custos facturados. O dito dato poderá ser incorporado pola entidade beneficiaria mediante cuño sobre o orixinal da factura, se non foi incluído na súa expedición polo provedor correspondente.

A documentación a que se refire esta epígrafe deberá presentarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia coa cuñaxe previa que se menciona no parágrafo anterior, de ser o caso.



En ningún caso os custos indirectos poderán superar o 10 por cento do custo total da actividade formativa realizada e xustificada.

3º. Xustificante da devolución da contía da subvención recibida non utilizada e, de ser o caso, dos rendementos financeiros non aplicados. Así mesmo, deberase achegar acreditación expedida pola entidade bancaria en que se certifique o importe dos rendementos financeiros obtidos por cada entidade beneficiaria da subvención concedida ou a inexistencia deles.

4º. Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia, cando os houber.

c) As tres ofertas que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, solicitaría o beneficiario, así como unha memoria xustificativa da elección cando esta non recaese sobre a proposta económica máis vantaxosa.

4. O beneficiario da subvención estará obrigado a conservar, durante un prazo de 4 anos, os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O citado prazo computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte do beneficiario.

As entidades que, sen transcorrer o citado período, decidan suspender a súa actividade ou disolverse, deberán remitir copia da citada documentación ao órgano competente.

5. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación exixida, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de 10 días. Así mesmo, cando a Dirección Xeral de Relacións Laborais, na comprobación da subvención, aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola/s beneficiaria/s, poñerá no seu coñecemento e concederalle un prazo de 10 días para a súa corrección. A falta de presentación da xustificación ou a non corrección no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención (artigos 45 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

6. Tras a recepción da documentación requirida procederase á revisión e valoración dos documentos xustificativos da execución. Unha vez feita a revisión, realizarase a proposta de pagamento ou a revogación da subvención.



7. Revisada a xustificación e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Relacións Laborais emitirá as certificacións para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

Artigo 24. Obrigas das entidades beneficiarias

Son obrigas das entidades beneficiarias as que se detallan no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en especial as seguintes:

1. Acreditar con anterioridade á proposta de resolución, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Realizar a actividade que fundamente a concesión da axuda ou subvención.

3. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

5. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Emprego e Igualdade, funcións para as cales poderá designar, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais, persoal técnico ou funcionario da dita consellería.

6. A obriga da entidade beneficiaria de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

7. Garantir a gratuidade das actividades formativas para as persoas participantes que interveñan nelas.



8. As entidades beneficiarias darán a coñecer o carácter público do financiamento polo Servizo Público de Emprego Estatal da actividade subvencionada en todas as actuacións relacionadas coa difusión e o seu desenvolvemento.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 8 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.

Artigo 26. *Publicación na BDNS*

De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por este, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 27. *Reintegro*

1. O incumprimento dos requisitos establecidos nesta orde e demais normas aplicables, así como das condicións que se estableceron na resolución de concesión, dará lugar, logo do oportuno procedemento de reintegro, á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida máis os xuros de demora correspondentes, conforme o disposto no título II, capítulo I, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 16 da Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo.

2. De acordo co artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se minorará ou reintegrará serán os seguintes:

a) Procederá non realizar o pagamento ou o posterior reintegro da totalidade da axuda concedida nos seguintes casos:

1º. O incumprimento das obrigas ou compromisos regulados por esta orde e os aceptados pola entidade beneficiaria.



2º. O incumprimento das obrigas exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención recollidas no artigo 24 da presente orde.

3º. No caso de que non se presente ningunha da documentación exixida.

4º. O incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas nesta orde.

5º. A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que impidan a concesión.

b) Procederá o pagamento parcial ou, a posteriori, o reintegro parcial, en proporción ao gasto non xustificado ou aos datos coñecidos despois do pagamento, nos seguintes supostos:

1º. A presentación só de parte da documentación exixida ou que esa documentación sexa incorrecta.

2º. Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro, en ambos os casos, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

3. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio desde o momento en que se aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro previstos nos números 1 e 2 deste artigo e, de ser o caso, co disposto no artigo 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Ditarase resolución no prazo máximo de doce meses desde a data do acordo de iniciación e exixírase, se procede, o reintegro. Contra a citada resolución caberá interpor recurso de alzada nos termos recollidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 28. *Modificación de resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión destas axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, fóra dos casos permitidos nesta orde, ou en que o importe supere o custo total da actividade subvencionada que desenvolverá a entidade beneficiaria, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación, segundo o establecido no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 29. *Revogación*

1. Procederá a revogación da axuda, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo das competencias que ten a Inspección de Traballo e Seguridade Social en virtude do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 30. *Seguimento e control*

1. Co fin de garantir o cumprimento das condicións que motivan a realización das actividades formativas, estas serán obxecto de seguimento e control efectivo en tempo real e *ex post* por parte da Dirección Xeral de Relacións Laborais, co apoio técnico que para tal fin poida solicitarse. De igual forma, as entidades beneficiarias estarán sometidas ás actuacións de fiscalización do resto de organismos da Xunta de Galicia, estatais e comunitarios aplicables.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Relacións Laborais poderá solicitar e revisar a documentación xustificativa dos gastos efectivamente realizados correspondentes ás actuacións subvencionadas.

2. No caso de que a actividade formativa subvencionada sexan accións formativas, a entidade beneficiaria comunicará o inicio dos grupos formativos á Subdirección Xeral de Relacións Laborais, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

A comunicación de inicio dos grupos formativos, salvo causa de forza maior, poderase realizar ata o mesmo día de inicio.

A relación de persoas participantes deberá remitirse de forma telemática a Subdirección Xeral de Relacións Laborais, ata o quinto día lectivo inclusive, desde o comezo do grupo formativo e, en todo caso, antes de que se imparta o 25 % das horas de formación. Esta relación de participantes poderá incluír ata un 20 % máis dos previstos para cubrir posibles baixas ao comezo do curso e estarán identificados na comunicación de maneira diferenciada.

Na dita relación achegarase información sobre os datos identificativos da persoa participante, datos do perfil e de contacto.



3. Para as actividades formativas como xornadas, obradoiros ou similares, a entidade beneficiaria comunicará a Subdirección Xeral de Relacións Laborais, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, a relación de persoas que teñen previsto acudir á actuación formativa concreta, con indicación das datas e o lugar de realización destas, así como o contido e número de horas de duración da actuación formativa.

A comunicación de inicio destas actividades formativas, salvo causa de forza maior, poderase realizar ata o mesmo día de inicio.

4. Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá comunicar á Subdirección Xeral de Relacións Laborais calquera incidencia ou cambio que se produza no desenvolvemento da acción subvencionada que supoña unha adaptación nos procesos, sen alterar o obxecto nin as condicións da resolución de concesión. Estas incidencias deberán comunicarse en canto se produzan.

5. As comunicacións realizaranse preferentemente de conformidade co establecido no artigo 16.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a través da sede electrónica da Xunta. En calquera caso, no suposto de non poder realizarse, en calquera momento do prazo establecido, a comunicación por parte das persoas interesadas, esta poderá, así mesmo, realizarse de conformidade cos sistemas establecidos no artigo 16.4 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

6. Para os efectos de determinar a subvención unha vez executada a formación, nas actividades presenciais considerarase que un/unha alumno/a finalizou a formación cando asistise, polo menos, ao 75 % da duración da actividade formativa. Así mesmo, nas actividades formativas impartidas mediante a modalidade de teleformación considerarase que finalizou a actividade aquel alumnado que realizase polo menos o 75 % dos controis periódicos de seguimento da súa aprendizaxe ao longo dela, con independencia das horas de conexión.

De se producir abandonos dos participantes, poderase incorporar outro alumnado á formación en lugar daqueles. Esta substitución admitirase sempre que se produza antes de alcanzar o 25 % da duración da acción formativa.

Se acaecesen abandonos con posterioridade á impartición do 25 % da duración da acción formativa, admitiranse desviacións por acción formativa de ata un 15 % do número de participantes que a iniciasen.



Disposición adicional primeira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Emprego e Igualdade na persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispor, recoñecer a obriga e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas entidades beneficiarias, respecto das resolucións de concesión, de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Disposición derradeira primeira. *Remisión normativa*

En todo o non disposto nesta orde será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Orde TMS/379/2019, do 28 de marzo, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións polo Servizo Público de Emprego Estatal, para o financiamento de plans de formación de ámbito estatal, dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva, en canto lle sexa de aplicación e, con carácter supletorio, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Laborais para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta disposición.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2021

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Emprego e Igualdade




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE


<input type="checkbox"/>	Anexo III - Orzamento total solicitado por actividades formativas			
<input type="checkbox"/>	Anexo IV - Plan de formación			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da representatividade da organización solicitante no correspondente ámbito territorial, sectorial e intersectorial, segundo corresponda			
<input type="checkbox"/>	Certificado en que conste o número de empresas con que conta, no caso de organizacións empresariais ou fundacións ou outras constituídas por estas			
<input type="checkbox"/>	En relación co plan de formación solicitado, achega un estudo das necesidades formativas detectadas na materia obxecto da subvención e identifica o colectivo destinatario			
<input type="checkbox"/>	En relación co plan de formación solicitado, achega un plan de seguimento e avaliación das actuacións formativas realizadas			
		ÓRGANO	CÓD. DE PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da representación legal suficiente para actuar no nome da entidade solicitante			
NO CASO DE QUE AS ENTIDADES SEXAN MEMBROS ASOCIADOS A QUE SE REFIRE O ARTIGO 13.4				
<input type="checkbox"/>	Nomeamento dunha persoa representante ou apoderada única, con poderes suficientes para cumprir coas obrigas das entidades beneficiarias			
<input type="checkbox"/>	Copia do instrumento de formalización da asociación ou agrupación			
<input type="checkbox"/>	Certificado expedido por quen exerza estas facultades na organización, de acordo cos seus estatutos, en que se acredite a condición de membro asociado integrante da asociación			
<input type="checkbox"/>	Copia do compromiso de execución formalizado polas entidades asociadas ou agrupadas, subscrito pola representación legal destas, no cal se concrete que partes do proxecto realizará cada entidade			
<input type="checkbox"/>	Compromiso de responsabilidade solidaria dos seus membros e de non disolución mentres non transcorran os prazos de prescrición legalmente previstos			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.		OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante		<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social		<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma		<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.		AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT		<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: udaeoj6-iou7-3xf1-nuf2-fkhabgj3ab65


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE


ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE


ORDE do 18 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva, e se convocan na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios de 2021 e 2022 (códigos de procedemento TR807K e TR807L).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Laborais

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: udaen0j6-iou7-3xf1-nuf2-fkhabgi3ab65



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO II

PROCEDIMENTO AXUDAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PLANS DE FORMACIÓN COMPOSTOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS DIRIXIDAS Á CAPACITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS RELACIONADAS COA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (LIÑA 2)	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR807L	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			
<input type="text"/>			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:	
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas: <input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención. <input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:	
ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 6. Que se somete ás actuacións de comprobación que acorde a Consellería de Emprego e Igualdade e ás de control financeiro que lle correspondan á Consellería de Facenda, e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.	

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: udaeoj6-iou7-3xf1-nuf2-fkhabgi3ab65


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE
 EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO II
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE


<input type="checkbox"/>	Anexo III - Orzamento total solicitado por actividades formativas			
<input type="checkbox"/>	Anexo IV - Plan de formación			
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da representatividade da organización solicitante no correspondente ámbito territorial, sectorial e intersectorial, segundo corresponda			
<input type="checkbox"/>	Certificado en que conste o número de empresas con que conta, no caso de organizacións empresariais ou fundacións ou outras constituídas por estas			
<input type="checkbox"/>	En relación co plan de formación solicitado, achega un estudo das necesidades formativas detectadas na materia obxecto da subvención e identifica o colectivo destinatario			
<input type="checkbox"/>	En relación co plan de formación solicitado, achega un plan de seguimento e avaliación das actuacións formativas realizadas			
		ÓRGANO	CÓD. DE PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Documentación acreditativa da representación legal suficiente para actuar no nome da entidade solicitante			
NO CASO DE QUE AS ENTIDADES SEXAN MEMBROS ASOCIADOS A QUE SE REFIRE O ARTIGO 13.4				
<input type="checkbox"/>	Nomeamento dunha persoa representante ou apoderada única, con poderes suficientes para cumprir coas obrigas das entidades beneficiarias			
<input type="checkbox"/>	Copia do instrumento de formalización da asociación ou agrupación			
<input type="checkbox"/>	Certificado expedido por quen exerza estas facultades na organización, de acordo cos seus estatutos, en que se acredite a condición de membro asociado integrante da asociación			
<input type="checkbox"/>	Copia do compromiso de execución formalizado polas entidades asociadas ou agrupadas, suscrito pola representación legal destas, no cal se concrete que partes do proxecto realizará cada entidade			
<input type="checkbox"/>	Compromiso de responsabilidade solidaria dos seus membros e de non disolución mentres non transcorran os prazos de prescrición legalmente previstos			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: udaeoj6-iou7-3xf1-nuf2-fkhabgj3ab65


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE


ANEXO II
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE


ORDE do 18 de agosto de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva, e se convocan na Comunidade Autónoma de Galicia nos exercicios de 2021 e 2022 (códigos de procedemento TR807K e TR807L).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de  Xacobeo 21-22

Dirección Xeral de Relacións Laborais

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO IV

PLAN DE FORMACIÓN

- TR807K - AXUDAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PLANS DE FORMACIÓN COMPOSTOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS DIRIXIDAS Á CAPACITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS RELACIONADAS CO DIÁLOGO SOCIAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A NEGOCIACIÓN COLECTIVA (LIÑA 1)
- TR807L - AXUDAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PLANS DE FORMACIÓN COMPOSTOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS DIRIXIDAS Á CAPACITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS RELACIONADAS COA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (LIÑA 2)

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

INFORMACIÓN XERAL RELATIVA AO PLAN DE FORMACIÓN

Formulación xeral da proposta

Actividades formativas solicitadas, xustificación da súa conveniencia e adecuación da proposta

Deseño e contidos do plan de formación


Obxectivos das actividades formativas

Resultados esperados do plan de formación

Metodoloxía de desenvolvemento do plan de formación

Planificación temporal

Outras actuacións que, sen custo adicional, as entidades realicen no desenvolvemento das actividades formativas

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: udaen0j6-iou7-3xf1-nuf2-fkhabgi3ab665

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO V
DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

(só para a fase de xustificación)

- TR807K - AXUDAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PLANS DE FORMACIÓN COMPOSTOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS DIRIXIDAS Á CAPACITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS RELACIONADAS CO DIÁLOGO SOCIAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E A NEGOCIACIÓN COLECTIVA (LIÑA 1)
- TR807L - AXUDAS DESTINADAS AO FINANCIAMENTO DE PLANS DE FORMACIÓN COMPOSTOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS DIRIXIDAS Á CAPACITACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS RELACIONADAS COA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (LIÑA 2)

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:


1. Que as facturas e demais documentación que se presentan para o efecto de xustificar o gasto subvencionado non foron nin serán presentadas como xustificación para a concesión doutras axudas por calquera outra Administración pública competente ou por outros entes públicos ou privados.
2. Que esta entidade non incorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
 - Esta entidade non solicitou nin percibiu outras axudas das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados para o desenvolvemento de plans de formación compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a negociación colectiva.
 - Esta entidade solicitou e/ou percibiu das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados para o desenvolvemento de plans de formación compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a negociación colectiva, as axudas seguintes:

AXUDAS CONCEDIDAS

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
SOLICITADA	CONCEDIDA					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



Dirección Xeral de Relacións Laborais


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
